

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SEIS DE NOVEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día seis de novembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.918/07 de don Manuel Ferradáns Lamas

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento con pedra, de aproximadamente 40 mts de lonxitude e 1 mts de altura, no lugar de Casanova, en solo rústico de protección agropecuaria (R2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: garantirase o natural discurrir das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país. Ademais

a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con oitenta e un céntimos (#18,81#).

2.2.- Instancia num. 1.907/07 de don José Antonio Santos Martínez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a apertura de canalización para empalme de tubería de auga nunha pista municipal, no lugar de Pumariño.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.3.- Instancia num. 1.891/07 da AA.VV. Santa Eulalia de Vedra

Dáse conta da citada instancia na que don José Quinteiro Fiuza, en calidade de Presidente da AA.VV. Santa Eulalia de Vedra, solicita licenza para a rehabilitación da Casa da Irmandade, consistente na substitución da cuberta, colocando tella e uralita, así como a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, ó tratarse dunha asociación sen ánimo de lucro.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica, e axustarase ás condicións establecidas pola delegación provincial do Patrimonio.

2º.- Asimesmo acorda concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social.

2.4.- Instancia num. 1.910/07 de don Jesús López Ferradáns

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día sete de agosto do ano que andamos, concedeulle licenza para a rehabilitación da súa vivenda (licenza 76/07) , e debido a diversas circunstancias non pode levalas a cabo, polo que solicita a anulación da licenza e a devolución do imposto pagado

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

3º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención para proxectos de envellecemento activo para as persoas maiores

Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial dirixida ós concellos interesados na realización de proxectos de envellecemento activo para as persoas maiores (BOP num. 245/07, do 23 de outubro).

A Xunta de Goberno, ó abeiro da mesma, acorda solicitar unha subvención segundo memoria elaborada ó efecto.

4º.- Acordo, se procede, sobre aprobación de proxecto de obras de acondicionamento do campo da festa de San Miguel de Sarandón

Dáse conta do *proxecto básico e de execución de mellora e acondicionamento da área recreativa do campo da festa de San Miguel de Sarandón*, redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela, a incluír no plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, cuxo orzamento de execución por contrata ascende á cantidade de catrocentos corenta e nove mil oitocentos setenta e dous euros con trinta e seis céntimos (#449.872,36#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado proxecto.

5º.- Escritos varios

5.1.- Escrito num. 1.986/07 de dona Emma María Gestoso Maceira

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que é titular do título de familia numerosa de categoría xeral, polo que solicita a bonificación no imposto sobre bens inmobles de natureza urbana.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co disposto nartigo 14.3 da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, acorda concederlle unha bonificación do 30% da cota do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana con efectos do 01/01/2008.

5.2.- Escrito num. 1.911/07 da AA.VV. San Miguel

Dáse conta do citado escrito no que dona Margarita Balboa Barros, como Secretaría da AA.VV. San Miguel da parroquia de San Miguel de Sarandón, expón

que se acordou cederlle ó concello o campo da festa para levar a cabo as obras de mellora e acondicionamento do mesmo , de acordo co proxecto redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela.

A Xunta de Goberno, a efectos da execución da citada obra, acorda aceptar a cesión do campo da festa polo tempo necesario para levar a cabo as mesmas, en principio durante catro anos, prorrogables, en caso necesario, por dúas anualidades máis.

6º.- Outros Asuntos

Non se presentaron

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e cinco minutos

